

1.1 CRITERIOS DE CUALIFICACIONES

Os exames de avaliación representarán o 70% da cualificación total de cada avaliación: o 30% restante será un indicador do traballo realizado polo alumnado: exames, probas orais, writings e outros traballos sinalados. Non se repetirán exames ao alumnado que falte a eles, salvo por enfermidade o por causa maior debidamente documentadas con xustificante médico ou oficial, que deberán ser presentados ao titor ou titora.

2º BACHARELATO- exames de avaliación			
1ª e 2ª avaliación		3ª avaliación	
Cloze + Transformations + Vocabulary + Exercises	40%	Cloze + Transformations+ Vocabulary + Exercises	30%
Reading Comprehension (exame tipo ABAU)	40%	Reading Comprehension (exame tipo ABAU)	40%
Listening	20%	Listening	15%
		Speaking	15%

A nota final da avaliación final ordinaria do curso será o resultado da media ponderada das notas das tres avaliacións:

1ª avaliación: 10% da nota final do curso.

2ª avaliación: 30% da nota final do curso.

3ª avaliación: 60% da nota final do curso.

Consideramos que, no que respecta aos exames ou outras probas, o alumnado deberá acadar un mínimo de 5 e amosar un equilibrio entre as distintas destrezas para poder ser cualificado de xeito positivo. Calquera apartado que o alumnado deixase en branco, considerarase unha mingua de cara a unha cualificación positiva.

AVALIACIÓN FINAL

O alumnado que non superara a materia despois dos exames da terceira avaliación poderá realizar unha proba final, a cualificación da cal será única e definitiva na avaliación extraordinaria.

Os contidos dos exames de Xuño serán os seguintes:

Reading Comprehension (ABAU)	40%
Clozes + Vocabulary + Transformations + Exercises	30%
Speaking	15%
Listening	15%

Se o alumnado supera a proba de expresión oral na terceira avaliación, poderá elixir manter esa nota no apartado correspondente da proba final; de elixir facela de novo, só se terá en conta a puntuación obtida nesa última convocatoria convocatoria.

* A media ponderada das tres avaliacións calcularase coa nota real de cada unha delas, sen redondeos. Isto podería ocasionar que a nota final do curso fose inferior á da terceira avaliación parcial.